



Concello de Cangas

CANGAS EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA

Cangas, 14/11/2016

Máis de 80 establecementos e institucións do Concello de Cangas súmanse á campaña *En negro contra a Violencia* que se desenvolvera entre o 18 de novembro e o 28 de novembro. Farémolo xunto a outros 15 concellos galegos co obxectivo de loitar con contundencia contra este tipo de prácticas e facer visible o traballo que se está a realizar desde as diversas administracións contra as violencias machistas e en prol da igualdade das mulleres.

Os escaparates dun gran número de comercios da nosa vila tinguiranse de negro en repulsa á violencia machista, expresión máis extrema das desigualdades sociais que viven as mulleres, contando nesta ocasión coa colaboración de Cangas Vella e Fecimo para dinamizar a difusión entres os locais asociados interesados en colaborar nesta campaña.

O xoves 17 de novembro, ás 13:45 horas, presentárase a campaña no Concello contando coa presenza dos representantes dos locais adheridos e as autoridades que participan desta iniciativa.

Gabinete de comunicación